



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 16 de febreiro do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos. Expediente IN407A 2024/174 ATE)

Con data 3 de outubro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Adecuación LMTA MOF808 entre apoios nº D24-8-B-1 y D-24-8-B-13, no concello de Monforte de Lemos"

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 29 de maio de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 3 de xuño de 2025, para que comparezan o día **20 de maio do 2026 no concello de Monforte de Lemos** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	2	259	Insua	Prado	Descoñecido	20.05.2026	12:30
3	2	260	Insua	Prado	Descoñecido		
4	2	261	Insua	Prado	Descoñecido		

Anuncio

ACORDO do 10 de febreiro do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Pantón. Expediente IN407A 2024/175 ATE)

Con data 28 de outubro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Regulamentación LMTA PRS802 entre apoios nº 102 y nº 110, no concello de Pantón”

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pantón deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 9 de xuño de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño de 2025, para que comparezan o día **6 de maio do 2026 no concello de Pantón** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Asi mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 10 de febreiro do 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	49	449	Bidueiras	Monte alto	Descoñecido	06/05/2026	10:00
3	49	452	Bidueiras	Monte alto	Descoñecido		
4	49	477	Bidueiras	Prado	Descoñecido		

R. 0711

Anuncio

ACORDO do 16 de febreiro do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos. Expediente IN407A 2024/193 ATE)

Con data 3 de novembro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “LMTA, CTI e RBT Chavaga, no concello de Monforte de Lemos”

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 10 de xuño de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño de 2025, para que comparezan o **día 20 de maio do 2026 no concello de Monforte de Lemos** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de febreiro do 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	38	515	Monticelo	Monte alto	Francisco Javier Amigo Lòpez	20.05.2026	10:45
2	38	571	Monticelo	Monte alto	Gonzalo Rodriguez Lòpez		10:00
3	38	518	Monticelo	Monte alto	Hdros de Serafín Vázquez Macia		10:30
4	38	521	Monticelo	Monte alto	Hrdos de Julia López Centeno		11:30
5	38	500	Barxa	Monte alto	Hdros de Serafín Vázquez Macia		10:30

R. 0712

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 16 DE MARZO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022 e 2024.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 03.10.2025 (BOP núm. 233, do 10.10.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal laboral fixo en tres (3) prazas denominadas PEÓN/PEOA GRANXA, agrupacións profesionais, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023-apartado segundo refundición prazas oferta de emprego taxa xeral acceso libre anos 2022 e 2024.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 02.12.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

A) ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	CASTOSA RIVAS, ÓSCAR	***4950**
2	DÍAZ MIRAGAYA, ALBINO	***8335**
3	FERNÁNDEZ FERREIRO, JUAN ANTONIO	***5669**
4	GANCEDO BLANCO, CARLOS	***4714**
5	GÓMEZ GARCÍA, CARLOS	***4162**
6	LUGUEROS LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	***4974**
7	PENA SOMOZA, DIEGO	***8345**
8	RUBINOS TRIGO, ALBERTO	***4897**
9	VEGA SAINZ DE LA MAZA, JUAN	***8336**
10	VEIGA TOJO, ANA	***5064**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Juan José Fernández Granda, enxeñeiro técnico agrícola no Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Fernández Parajes, enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe da Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Jesús Fernández Reija, técnico superior forestal, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Andrea Macho Benito, técnica de xestión medioambiental na Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Luis Lamas Castro, oficial electricista na Unidade de Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

ASESORA:

Dona Sonia Verdes Gil, veterinaria na Granxa Provincial da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar os/as membros do Tribunal, para que comparezan o luns día 13 de abril de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar os/as membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o venres día 17 de abril de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 17 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0709

CONCELLOS**BEGONTE***Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns mensuais e clases dirixidas de marzo de 2026, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 7.333,75€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 16 de marzo de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0715

BÓVEDA*Anuncio***ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE BÓVEDA**

Ao abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, neste concello iniciouse expediente para a elección de Xuíz de Paz Substituto do Xulgado de Paz de Bóveda.

A tal fin, faise a presente convocatoria pública segundo o seguinte detalle:

OBXECTO: Elección de Xuíz de Paz Substituto do Xulgado de Paz de Bóveda (Lugo).

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 15 días naturais dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Lugar: No rexistro do Concello ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITANTES: Todos os cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español/a.
- Maior de idade.
- Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei, a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ao nomeamento.

DOCUMENTACIÓN: Os solicitantes deberán presentar a instancia pertinente dirixida ao Señor Alcalde-Presidente, debendo adxuntar os documentos seguintes:

- Certificado de nacemento e fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado de antecedentes penais, expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Declaración complementaria de conducta cidadá á que se refire o artigo 2 da Lei 68/80, no seu punto 1.a), referente a se se atopa inculcado ou procesado.
- Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da devandita función.
- Xustificante dos méritos que poida alegar (fotocopias compulsadas).

Bóveda, 16 de marzo de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0713

O CORGO*Anuncio*

Unha vez aprobada polo Pleno en data 30 de xaneiro de 2026 e tralo prazo de exposición pública que establece a lexislación vixente sen que se presentaran reclamacións, a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do exercicio 2026 queda definitivamente aprobada no apartado "1.3.b.6) SERVIZO DE DEPORTES", polo cal se cambia a situación administrativa do encargado de instalacións e edificios municipais de "Ocupado. Personal laboral fixo" a "VACANTE por xubilación", atendendo ao seguinte tenor:

DENOMINACION POSTO	ADICACIÓN	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Encargado instalacións e edificios municipais. (Operario de servizos múltiples)	Xornada completa	Laboral Fixo	1	--	Normal	Concurso/Oposición ou concurso-oposición	10	--	Certificado de escolaridade	Encargado das instalacións deportivas municipais e do súa conservación e mantemento Notificador	Vacante por xubilación

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 16 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0714

LÁNCARA*Anuncio*

Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona ALM e don AVB.

Considerando que a Encargada da Oficina do Rexistro civil de Sarria autorizou con data 03.02.2026 a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar no 1º tenente de alcalde don Pablo Rivera Capón a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona ALM e don AVB o día 20.03.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que o 1º tenente de alcalde actúa por delegación do alcalde.

Segundo.- Comunicar esta resolución ao 1º tenente de alcalde delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 16 de marzo de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0716

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3FRACCION MATRICULA CURSO 2025-2026**

Por Xunta de Goberno Local do día 16.03.2026 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio terceira Fracción Matrícula curso 2025-2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 08.04.2026 ata o 08.06.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0717

*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA FEBREIRO 2026**

Por Xunta de Goberno Local do día 16.03.2026 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de FEBREIRO de 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 27.03.2026 ata o 27.05.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0718

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXAS, PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS E DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN INTERNOS DO MES DE XANEIRO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.03.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente o mes de xaneiro do 2026 e do servizo de cursos de natación internos durante o mes de xaneiro 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 06.04.2026 ata o 08.06.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 17 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0719

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DO 1º BIMESTRE DO EXERCICIO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.03.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais do primeiro bimestre do exercicio 2026 (xaneiro-febreiro)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 27.04.2026 ata 29.06.2026.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de marzo de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0720

TABOADA

Anuncio

Anuncio de poxa para alleamento de ben non utilizable

Resolución de Alcaldía de data 17 de marzo de 2026 do Concello de Taboada pola que se procede á convocatoria de poxa para alleamento de ben non utilizable.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 17 de marzo de 2026, por medio do presente anuncio efectúase anuncio da poxa para o alleamento do lote de bens conforme aos seguintes datos:

Camión Pegaso matrícula 7868 BPJ

- Camión Daf 2.300 matrícula 6640 GBR
- Tractor Johndeere 2.800 matrícula LU 95882 VE
- Rodillo pisó Dynapac
- Desbrozadora Orsi

O prazo para a presentación de ofertas será de 15 días hábiles desde o día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante. (<https://www.contrataciondelestado.es>)

Modalidade de presentación: Manual. Sobre Único

Lugar de presentación:

Dependencia. Casa do Concello.

Domicilio. Praza do Xeral Muínelo s/n,

Localidade e código postal. Taboada, 27550.

Dirección electrónica: <https://taboada.sedelectronica.gal>.

A celebración da poxa terá lugar nos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo de admisión das posturas

O tipo da poxa é pública.

O prego de condicións particulares atópase a disposición dos interesados en <https://www.contrataciondelestado.es> e na sede electrónica do Concello <https://taboada.sedelectronica.gal>.

Procederase conforme ao procedemento descrito na cláusula oitava do prego.

Taboada, 17 de marzo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0721
